

Carta de "Peluderi", leída en el homenaje que me hicieron "O Grupo de Mozas" de 1983 en la Plaza de Santa María.

MEU QUERIDO ANEMIGO TRAPACEIRO:

Estiven lendo no diario O POGRESO que algún desocupado, porque non debe ter muito que facer, argallouche a tí un homenaxe. Eu perguntei si eso era convidarte a pulpo, viño e algunha lamboada de arroz con leite, de torrixas, natillas ou crousa que farte. Por eso pensaba ir eu. Pero cando me dixeron que de comer, nada, monada, dixen: -Pois que os coma Noso Señor -que me gusta ser fino falando- e quedeime, e por eso che escribo esta carta, que inda que nono vexas, vai botando lume.

A carta é pra chamarche APROVEITADO, CHUPÓN, MAL AMIGO, FALSARIO, e non che chamo máis cousas porque coa rabexa que teño non se me ven á memoria. Porque, dime tí:

-; ¿Por qué che fan ese homenaxe?. E terás que confesar que é por min. Se non fora por mín ¿quén caravillo che iba facer a tí nin as cóxegas?. Porque ¿quén si non eu leva corenta e dous anos aguantando as tuas preguntas, que son preguntas dun pampo, pois sempre dis o mesmo: "-¿QUÉ FIXECHES HOXE?...¿QUÉ VICHES?...¿QUÉ CHE PARCE ESTO OU O OUTRO?..

¡Son eu, meu cara de zorro xa pelado, o que merexo o homenaxe e non tí!

Eu lévoche dito cousas de Lugo e doutros sitios.

Eu marmulei contigo de canto se puxo por diante.

Eu enchinte de pulpo a ver se un día reventabas e me deixabas de xixingar con EFE, e eres tan enchedoiro que casi arreventei eu por comer contigo, e tí itan pancho, que inda parecía que ibas con fame

Eu deime conta de que querías facerme pasar por mullereiro, porque eras tí o que gastaba máis os ollos nas xovenquiñas.

Eu presenteiche á Filomena, a Peludeciño e a outros veciños.

Eu servinche pra que puideses decir pola miña boca o que tí non te astrevías a decir pola tua.

Eu díxenche o que se debía ou non se debía facer en Lugo.

E a todo esto, tí escribindo e revolvendo como che salía... dos pulmós o que eu decía, facéndome pasar por un pillabán, ríndote da miña muller, da que sólo podo rirme eu que a conozo de máis vello, ou botándome a perder ó fillo coas tuas preguntas mal intencionadas.

Así que ¿por qué corcio che van facer a tí un homenaxe, que a quen hai que facelo é a min? ¿Non te acordas de que era a min e non a tí a quen querían facerlle un monumento, que non quixeron facer des pois porque tiñan medo de que os nenos ó ver a miña cara botasen a chorar e fuxisen?.

¿Entón, cómo tés vergonza a que se faga esa inxusticia? Tí debes coidar que eres don... e non digo nomes. e que podes facer o que che

Pois non.E como castigo,heiche mandar á Filomena pra que non se as re de tí un dia enteiro.¡Xa saberás o que é bon e qñizabes remates falando atravesado coma ela!.

Dígoche esto,e non coides que quero que me fagan a min homens O que non quero é que cho fagan a tí.

ASÍ que ,si tés vergonza -que xa sei que nona tés,porque agora a vergonza era verde e comeuna un burro,e se hai algunha é ben pouca- tés que dar no meu nome e non no teu as gracias ós que home-nc homexean,homenaxean ou como centella se diga.

E como te colla un dia pola miña porta,heiche quentar as orellas.E despois,porque non son como tí,convidareite a comer e beber ben.Que eu non son vengativo cando anda o viño polo medio.

E nada máis.Senón que te fenda unha centella.E en lugar de se dos e de biquiños -¡qué noxo!- mándoche unhos lapotes,pero quérete muito este que queda enfadado y que lo soi

PELUDEZ.